

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Abril 2008

### NOTA DE PRENSA

**En abril de 2008 e en termos interanuais os prezos dos bens importados e exportados en Galicia creceron un 5,1% e un 3,1%, respectivamente**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 3,1% en abril de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 5,1%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 1,6% e dos importados un 5,3%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 8%, do 2,1% para os bens de consumo e os bens de equipo diminuíron un 5,6%.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo mantivéronse estables con respecto a abril de 2007 mentres que os prezos dos bens intermedios crecen un 10,5%. Pola súa parte, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 35,2%.

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>3,1</b>	<b>1,6</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>5,1</b>	<b>5,3</b>
Bens de consumo	2,1	1,0	Bens de consumo	-0,2	-0,5
Bens de equipo	-5,6	-4,0	Bens de equipo	-35,2	-17,2
Bens intermedios	8,0	3,4	Bens intermedios	10,5	9,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, hai un incremento interanual do 4,1% nos prezos de bens con destino a Unión Económica e Monetaria, un 3,5% para a UE-25 e un 2,9% para a OCDE.

Por orixe dos bens importados, o maior crecemento de prezos (19,3%) rexistrárono os bens procedentes de países non pertencentes a OCDE, pola contra, os bens con orixe en países pertencentes á OCDE diminuíron os prezos un 1,7%.

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	4,1	1,7	UEM	-9,5	-2,0
UE-25	3,5	1,5	UE-25	-7,9	-1,5
OCDE	2,9	1,2	OCDE	-1,7	0,7
Resto de países	0,8	0,2	Resto de países	19,3	14,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>